EXERCICIOS DE APOIO. UNIDADE 3. GALICIA NA IDADE MODERNA (1ª AVALIACIÓN, 3ª QUINCENA)

1. Completa as seguintes frases:

1. Na Idade _____, o_____ de Galicia está integrado na Coroa de _____. Funciona como unha unidade _____ aínda que internamente está dividida en _____.
2. A monarquía crea novas _____ políticas como o _____ Xeral, a Real _____ de _____ e a _____ do _____.
3. As institucións de carácter local son os _____ ou_____, cuxa composición varía dependendo si pertencen a unha cidade de _____ ou de_____.
4. No século XVIII, co reformismo_____ , hai que engadir outra institución, a_____ , que nace para controlar asuntos de_____ , _____, _____ e_____.
5. O impulso demográfico que caracteriza a Idade Moderna vese freado por acontecementos como as _____ e as _____ de _____ e por realidades como a falta de asistencia _____ e_____.
6. No século XVI, a poboación _____ pero non da mesma maneira en todo o territorio, concentrándose o maior número de habitantes na _____ nas zonas de agricultura máis _____ como é o caso das comarcas _____.
7. A poboación de Galicia é fundamentalmente _____ sendo a porcentaxe de poboación _____ moi baixa. A cidade máis grande no século XVI é_____.
8. Entre 1580 e 1630/40 podemos falar de _____ demográfica pero, a partir de entón, a evolución é _____ ata mediados do XVIII favorecida pola ausencia de _____ e pola mellora da _____ agraria.
9. No século XVII, as _____ na distribución da poboación seguen_____, producíndose un maior aumento demográfico nas comarcas_____.
10. A finais do século XVIII, a cidade máis poboada de Galicia é _____ , debido á _____ dos _____.
11. O fenómeno migratorio máis representativo da Galicia da Idade Moderna é a _____ a _____ para as _____.
12. A economía da Idade Moderna en Galicia está claramente baseada no sector _____.
13. No século XVI, o cultivo dominante é o _____ , sobre todo o _____. Ademais, o _____ alcanza agora a súa maior extensión en Galicia e é o único produto agrícola cunha clara _____.
14. As principais causas da fase negativa iniciada a finais do XVI son as malas _____ e as _____ que provocan unha baixa na _____, o incremento da _____ e o retroceso da _____.
15. Nos anos trinta do século XVII prodúcese unha mellora moi importante no rendemento agrario que ven dada pola _____ do _____ ou millo gordo na zona das _____.
16. A _____ introdúcese en Galicia no século XVIII, cultivándose por primeira vez para consumo humano na zona de _____.
17.O _____ é o sistema máis usado no século XVI para a pesca da _____.

18. As principais innovacións introducidas polos negociadores _____ son as novas _____ de _____ , o _____ como sistema de salga e unha nova _____ marcada polo _____ como forma de pago.
19. As industrias rurais constitúen unha actividade _____ para os campesiños, de carácter _____ e _____, pensada para satisfacer as _____ da poboación.
20. Nas cidades os artesáns traballan en pequenos _____ e pertencen ao _____ propio do seu oficio.
21. No século XVIII xorden dúas iniciativas innovadoras no sector industrial: a construción do _____ de Ferrol e a instalación en _____ dun _____ promovido por _____.
22. O comercio marítimo desenvolvido nas _____ é o que xera un maior volume de negocio pero no século XVI destacan tamén as relacións mercantís con _____ e a importancia que acadan as _____ nas áreas _____.
23. Un fito importante en relación co comercio exterior nos séculos XVII e XVIII é a creación e desenvolvemento dos _____, sendo a primeira liña a concedida en 1689 entre _____ e _____.
24. A organización social da Idade Moderna caracterízase por estar baseada no _____, diferenciando claramente entre clases _____, isto é, a _____ e o _____, e os non _____ (_____).
25. Na Idade Moderna aparece un novo grupo social, a _____.
26. A nobreza e o clero controlan a maior parte da riqueza de Galicia porque posúen a _____ e basean os seus ingresos na percepción de _____.
27. En xeral, na Idade Moderna a cultura letrada ten un carácter _____ e _____, xa que son _____ e _____ os de maior cultura e as mulleres son practicamente _____.
28. No ano 1501, asínase a escritura fundacional do _____ ou Estudio Vello en Santiago de Compostela, xermolo da posterior _____.
29. Os obxectivos dos ilustrados galegos son a reforma do _____ e a mellora do _____ da poboación.
30. Dous dos representantes máis destacados da Ilustración galega son o pai _____ e frei Martiño _____.

2. Solucións:

1. Na Idade MODERNA, o REINO de Galicia está integrado na Coroa de CASTELA. Funciona como unha unidade POLÍTICO-ADMINISTRATIVA aínda que internamente está dividida en PROVINCIAS.
2. A monarquía crea novas INSTITUCIÓNS políticas como o CAPITÁN Xeral, a Real AUDIENCIA de GALICIA e a XUNTA do REINO.
3. As institucións de carácter local son os REXEMENTOS ou CONCELLOS, cuxa composición varía dependendo si pertencen a unha cidade de REGUENGO ou de SEÑORÍO.
4. No século XVIII, co reformismo BORBÓNICO, hai que engadir outra institución, a INTENDENCIA, que nace para controlar asuntos de GUERRA, FACENDA, POLICÍA e XUSTIZA.
5. O impulso demográfico que caracteriza a Idade Moderna vese freado por acontecementos como as PESTES e as CRISES de SUBSISTENCIA e por realidades como a falta de asistencia MÉDICA e SANITARIA.
6. No século XVI, a poboación MEDRA pero non da mesma maneira en todo o territorio, concentrándose o maior número de habitantes na COSTA nas zonas de agricultura máis ESPECIALIZADA como é o caso das comarcas VITÍCOLAS.
7. A poboación de Galicia é fundamentalmente RURAL sendo a porcentaxe de poboación URBANA moi baixa. A cidade máis grande no século XVI é PONTEVEDRA.
8. Entre 1580 e 1630/40 podemos falar de CRISE demográfica pero, a partir de entón, a evolución é POSITIVA ata mediados do XVIII favorecida pola ausencia de PESTE e pola mellora da PRODUTIVIDADE agraria.
9. No século XVII, as DESIGUALDADES na distribución da poboación seguen INCREMENTÁNDOSE, producíndose un maior aumento demográfico nas comarcas LITORAIS OCCIDENTAIS.
10. A finais do século XVIII, a cidade máis poboada de Galicia é FERROL, debido á CONSTRUCIÓN dos ESTALEIROS.
11. O fenómeno migratorio máis representativo da Galicia da Idade Moderna é a EMIGRACIÓN ESTACIONAL a CASTELA para as SEGAS.
12. A economía da Idade Moderna en Galicia está claramente baseada no sector AGRÍCOLA.
13. No século XVI, o cultivo dominante é o CEREAL, sobre todo o CENTEO. Ademais, o VIÑEDO alcanza agora a súa maior extensión en Galicia e é o único produto agrícola cunha clara ORIENTACIÓN COMERCIAL.
14. As principais causas da fase negativa iniciada a finais do XVI son as malas COLLEITAS e as PESTES que provocan unha baixa na PRODUCIÓN AGRARIA, o incremento da PRESIÓN FISCAL e o retroceso da DEMANDA URBANA.
15. Nos anos trinta do século XVII prodúcese unha mellora moi importante no rendemento agrario que ven dada pola INTRODUCIÓN do MAÍNZO ou millo gordo na zona das RÍAS BAIXAS.
16. A PATACA introdúcese en Galicia no século XVIII, cultivándose por primeira vez para consumo humano na zona de RIBADEO.
17.O CERCO REAL é o sistema máis usado no século XVI para a pesca da SARDIÑA.
18. As principais innovacións introducidas polos negociadores CATALÁNS son as novas ARTES de PESCA, o PRENSADO como sistema de salga e unha nova ORGANIZACIÓN LABORAL marcada polo SALARIO como forma de pago.
19. As industrias rurais constitúen unha actividade SECUNDARIA para os campesiños, de carácter COMPLEMENTARIO e ESTACIONAL, pensada para satisfacer as DEMANDAS BÁSICAS da poboación.

20. Nas cidades os artesáns traballan en pequenos TALLERES e pertencen ao GREMIO propio do seu oficio.
21. No século XVIII xorden dúas iniciativas innovadoras no sector industrial: a construción do ESTALEIRO MILITAR de Ferrol e a instalación en SARGADELOS dun ALTO FORNO promovido por RAIMUNDO IBÁÑEZ.
22. O comercio marítimo desenvolvido nas ÁREAS COSTEIRAS é o que xera un maior volume de negocio pero no século XVI destacan tamén as relacións mercantís con CASTELA e a importancia que acadan as FEIRAS nas áreas RURAIS.
23. Un fito importante en relación co comercio exterior nos séculos XVII e XVIII é a creación e desenvolvemento dos CORREOS MARÍTIMOS, sendo a primeira liña a concedida en 1689 entre A CORUÑA e FALMOUTH.
24. A organización social da Idade Moderna caracterízase por estar baseada no PRIVILEXIO, diferenciando claramente entre clases PRIVILEXIADAS, isto é, a NOBREZA e o CLERO, e os non PRIVILEXIADOS (CAMPESIÑOS, COMERCIANTES, ARTESÁNS).
25. Na Idade Moderna aparece un novo grupo social, a FIDALGUÍA.
26. A nobreza e o clero controlan a maior parte da riqueza de Galicia porque posúen a TERRA e basean os seus ingresos na percepción de RENDAS AGRARIAS.
27. En xeral, na Idade Moderna a cultura letrada ten un carácter ELITISTA e MASCULINO, xa que son CLÉRIGOS e NOBRES os de maior cultura e as mulleres son practicamente ILETRADAS.
28. No ano 1501, asínase a escritura fundacional do ESTUDIO XERAL ou Estudio Vello en Santiago de Compostela, xermolo da posterior UNIVERSIDADE.
29. Os obxectivos dos ilustrados galegos son a reforma do SISTEMA ECONÓMICO e a mellora do NIVEL EDUCATIVO da poboación.
30. Dous dos representantes máis destacados da Ilustración galega son o pai FEIJOO e frei Martiño SARMIENTO.